

Instrucción V/2002 da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela sobre prevención de riscos

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) está a realizar un gran esforzo na redución e eliminación dos riscos laborais e mellora da seguridade que abrangue a todos os membros que forman a súa comunidade, pero dun modo especial aos traballadores que nela desempeñan as súas actividades.

Para cumprir este obxectivo, o Servicio de Prevención de Riscos (SPR) que é a unidade que efectúa as avaliacións de risco, controis e demais medidas necesarias e, de acordo coa Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, emitiu unha serie de suxestións que fan que sexa necesario dictar a seguinte instrucción

Lámpadas

Corresponde ao conserxe de cada edificio o control e cambio das lámpadas fundidas do mesmo, especialmente as que corresponden ás de seguridade e corredores que serán substituídas o máis rápido posible. No caso de que se produza algunha complicación técnica para o seu cambio, poderá solicitarse a información necesaria á Oficina de Xestión de Infraestructuras (OXI).

Instalacións eléctricas

Corresponde ao conserxe a vixilancia, control e reparacións menores das instalacións eléctricas, debendo comunicarlle ao Decano, Director ou Xefe da Unidade as incidencias que se produzan. Toda intervención que supoña unha modificación destas deberá ser realizada pola OXI ou, por persoal técnico cualificado (neste caso deberá informarse á OXI).

Extintores

Corresponde ao responsable da compra dun novo extintor a obriga de comunicar a súa localización ao Servicio de Prevención de Riscos (Área de seguridade, Ext. 33332), para que por parte dese Servicio se inclúa nos plans de autoprotección de edificios e no programa de revisións de extintores da USC.

Insecticidas e pesticidas

Corresponde a quen realice o encargo de levar a cabo operacións de desinfección, desinsectización, fumigación, etc., solicitar unha autorización previa ao SPR (Área de Vixilancia da Saúde, Ext. 33331) e, ademais deberá poñer en contacto á empresa adjudicataria co devandito Servicio, para que esta informe das condicións nas que se vai realizar a operación.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2002
A Xerente,
Asdo.: Ana Fernández Pulpeiro